



Consello Social
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

20
15

MEMORIA ANUAL
CONSELLO SOCIAL
UNIVERSIDADE
DA CORUÑA



ÍNDICE

| | | |
|----|---|---|
| 01 | CARTA DO PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA | 4 |
|----|---|---|

| | | |
|----|------------------------------|----|
| 02 | ORGANIZACIÓN | 6 |
| | Presentación | 8 |
| | Funcións | 9 |
| | Compromisos | 10 |
| | Composición e asistencias | 12 |

| | | |
|----|------------------------------------|----|
| 03 | O EXERCICIO 2015 | 16 |
| | Xaneiro | 18 |
| | Febreiro | 19 |
| | Marzo | 21 |
| | Abril | 22 |
| | Maio | 24 |
| | Xuño | 25 |
| | Xullo-agosto | 28 |
| | Setembro | 30 |
| | Outubro | 33 |
| | Novembro | 35 |
| | Decembro | 39 |
| | Orzamento da UDC | 42 |
| | liquidación do orzamento da UDC | 44 |

| | | |
|----|---|----|
| 04 | ORZAMENTO DO CONSELLO SOCIAL DA UDC | 48 |
|----|---|----|

| | | |
|----|---|----|
| 05 | MARCO NORMATIVO DO CONSELLO SOCIAL DA UDC | 52 |
|----|---|----|

| | | |
|----|-----------------------------|----|
| 06 | CONTORNO DE REDE DIXITAL | 56 |
|----|-----------------------------|----|

Sistema de suxestións ou reclamacións

Poderanse efectuar suxestións ou reclamacións por vía telefónica, por correo electrónico e persoalmente na sede do Consello Social. Para isto dispónse dun impreso normalizado para a súa presentación, aínda que se pode empregar calquera outro formato ou carta, sempre que figuren nel o nome e os apelidos, o DNI, a sinatura, o correo electrónico ou o teléfono de contacto.

Edita: Consello Social da Universidade da Coruña
Deseño e coordinación: Bannister Global S.L.



01 CARTA DO PRESIDENTE

Universidades e empresas son dous denominadores comúns necesarios na nosa sociedade e da súa adecuada existencia e competitividade, en definitiva da súa excelencia, depende o noso benestar social. O talento das nosas persoas formado nas universidades, organizado en empresas, é o gran protagonista do desenvolvemento económico e social, e polo tanto da creación de emprego. Non obstante, segue a existir unha gran distancia entre ambas as institucións e a transferencia de resultados, a conversión en valor produtivo da moita e boa investigación que realizan as nosas universidades, segue a ser unha das materias pendentes da educación superior e da economía en España. Ademais, o inaprazable acercamento entre universidade e empresa pode achegar á educación superior os medios económicos que ansía un sistema de financiamento dependente en exceso das transferencias do sector público. O Consello Social da UDC traballa a favor da necesaria cooperación entre eses dous universos, da que só poden derivarse beneficios para todos e, en particular, para as universidades que, se deben ser excelentes nas dúas funcións de ensinanza e investigación, e motores do desenvolvemento económico e social, necesitan mello-

rar a súa suficiencia financeira, o que dificilmente poderá provir dun incremento do financiamento externo.

A mellora da relación universidade-empresa favorecería tamén a formación integral do estudiantado. En contraste coa cultura da especulación e do éxito fácil, a educación superior cultiva o mérito e o esforzo como o máis valioso instrumento de igualación social. A sociedade ten o dereito a que as universidades preparen aos seus estudantes nas competencias profesionais que moven o mundo e demanda o contorno actual: a competitividade, o emprendemento, a innovación, a mentalidade global, o liderado, as habilidades interrelacionais... Estas competencias ou habilidades forman parte do acervo común das empresas porque delas depende a súa supervivencia, pero tamén deben exercitalas as universidades e dende logo transmitilas aos estudantes.

O pasado mes de outubro tiveron ocasión de participar nun foro público de debate no que os principais partidos políticos (PP, PSOE, Podemos e Ciudadanos) amosaron un consenso básico sobre a conveniencia de acometer as reformas neces-

rias para a mellora da educación superior española. Parece que se avexiñan tempos de transformación e esperanza para as universidades.

O ano 2015 deixou novidades no ámbito de actuación da Universidade da Coruña. A UDC culminou os actos de celebración do seu 25º aniversario como unha institución nova, innovadora e puxante, xa asentada como referente da educación superior galega. O ano deixou así mesmo a aprobación do novo Plan de Financiamento 2016-2020 do Sistema Universitario de Galicia, a elección de novo reitor na UDC, ao que unha vez máis ofrecemos apoio e desexamos o maior éxito na súa xestión, e o relevo á fronte doutras institucións, como a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e a Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Españolas (CCS), cuxa Comisión Académica teño a honra de presidir.

Neste ano 2015, o Consello Social da UDC avanzou no seu compromiso coas liñas estratéxicas de traballo que guiaron a súa actuación durante os últimos anos: o fomento da colaboración universidade-empresa, o estímulo do emprendemento e da inserción laboral da mocidade, o desenvolvemento de políticas de Responsabilidade Social e as iniciativas de institucionalización.

Co impulso do Consello Social e da FUAC, o programa 'Laboralia' acadou en 2015 a súa sexta edición. Máis de 1.000 estudantes e titulados universitarios participaron nesta iniciativa dende a súa creación, unha mostra do compromiso inquebrantable do Consello Social co fomento da colaboración entre a UDC e as empresas do seu contorno, coa promoción do emprendemento e co impulso da inserción laboral dos estudantes e titulados universitarios.

A transparencia, a ética e a rendición de contas son principios que guían as actuacións do Consello Social da UDC. Dentro desa liña estratéxica, a Universidade da Coruña mantén dende 2010 un acordo de colaboración con Inditex, que deu lugar á Cátedra Inditex-UDC, creada co reto de fomentar un espazo de reflexión, formación académica, investigación e divulgación sobre a Respon-

sabilidade Social. Na vertente formativa da Cátedra, o Consello Social colaborou durante o ano 2015 na organización dunha nova edición do Curso de Especialización en Responsabilidade e Innovación Social (CERIS) e na celebración do ciclo de conferencias 'En Código Aberto'. Esta estratexia de promoción da Responsabilidade Social tamén se materializou en dous programas impulsados dende o Consello Social para o fomento da inclusión laboral e universitaria de mocidade con discapacidade cognitiva: 'Espazo Compartido', co financiamento do Grupo Banco Santander, acadou no 2015 a súa terceira edición co reto de axudar aos alumnos a construír un proxecto de vida propio que lles permita manexarse de forma autónoma no seu día a día, mentres o proxecto CE10 actúa dende 2014 como observatorio de políticas públicas en materia de discapacidade, atención á diversidade e igualdade de oportunidades.

O Consello Social desenvolveu igualmente unha intensa actividade no 2015 dentro da súa liña estratéxica de institucionalización. Na súa política de colaboración con entidades públicas e privadas, mantivemos reunións cos principais axentes sociais do contorno da UDC, como os alcaldes da Coruña e Ferrol, a presidenta do Parlamento de Galicia e o Delegado do Goberno. Desenvolveuse así mesmo un traballo de representación e proxección social da imaxe da Universidade da Coruña e do Consello Social. Este esforzo realizouse a través da relación cos medios de comunicación e da participación en importantes foros, como o Consello Galego de Universidades (CGU), a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), a Fundación Conocimiento y Desarrollo (CYD) e a Comisión Universidade-Empresa da Cámara de Comercio de España, cuxa presidencia ostento.

D. Antonio Abril Abadín
Presidente do Consello Social da UDC



02 ORGANIZACIÓN

- 2.1. Presentación
- 2.2. Funcións
- 2.3. Compromisos
- 2.4. Composición e asistencias



02 ORGANIZACIÓN

2.1 PRESENTACIÓN

O Consello Social da Universidade da Coruña é o órgano de participación da sociedade na universidade, é a ponte de unión entre a sociedade galega e a Universidade da Coruña (UDC). A súa misión é velar pola satisfacción das necesidades e expectativas da sociedade por parte da universidade, estando chamado, en particular, a promover o logro da excelencia na docencia, na investigación e na transferencia de resultados.

De conformidade co previsto na normativa estatal e autonómica vixente, o Consello Social da UDC desenvolve funcións de control e supervisión das actividades de carácter económico da universidade e do rendemento dos seus servizos, contribuíndo, ademais, á coordinación, planificación e mellora da calidade do sistema universitario, mediante a súa participación nalgúns dos foros institucionais máis representativos, como o Consello Galego de Universidades, a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia e a Conferencia dos Consellos Sociais das Universidades Españolas.

O compromiso do Consello Social da UDC coa modernización do Sistema Universitario Español, e co desenvolvemento social, económico e cultural de Galicia, é un dos seus principais obxectivos estratégicos. Para contribuír á súa consecución, identifica, asigna recursos, coordina e supervisa proxectos universidade-empresa-terceiro sector, orientados a lograr un maior achegamento da universidade aos intereses da sociedade, fomentando, ademais, a reflexión colectiva en torno á cuestión universitaria, mediante unha política de comunicación proactiva, que pretende promover o diálogo público, aberto, construtivo e plural.

2.2 FUNCIÓNS

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades e a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, atribúen aos Consellos Sociais das Universidades Públicas un abano amplo de funcións relacionadas coa supervisión e control das actividades universitarias e o pulo das relacións universidade-sociedade. De entre elas, pola súa importancia para a sociedade, e para a universidade, cómpre destacar as seguintes:

- Supervisar as actividades de carácter económico da Universidade da Coruña. Correspóndelle aprobar, en particular, a proposta do Consello de Goberno, o orzamento e as contas anuais da UDC, así como aprobar e realizar o seguimento da programación plurianual da universidade.
- Informar sobre o cadro de persoal e a relación de postos de traballo do persoal docente, investigador e de administración e servizos da Universidade da Coruña, así como informar sobre os convenios colectivos do persoal contratado.
- Aprobar a creación, modificación substancial ou extinción das sociedades, fundacións ou outras entidades en cuxo capital ou fondo patrimonial teña participación a universidade, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, así como a súa integración nas mesmas.
- Acordar, co reitor ou reitora, nos termos previstos na lexislación orgánica de universidades, o nomeamento e cesamento da persoa titular da xerencia.
- Supervisar o rendemento e calidade dos servizos universitarios, formulando, no seu caso, suxestións e propostas ao Consello de Goberno da universidade, orientadas a promover a excelencia na ensinanza, investigación, xestión e servizos.
- Fixar os prezos das ensinanzas propias, dos cursos de especialización e os referentes ás demais actividades autorizadas polas universidades, así como informar en materia de prezos públicos dos estudos universitarios oficiais, dentro dos límites que estableza a Conferencia Xeral de Política Universitaria.
- Informar sobre os acordos do Consello de Goberno relativos á implantación e supresión das ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, así como a creación, modificación e supresión de centros, institutos universitarios de investigación ou calquera outra figura que adopten.
- Impulsar aquelas actuacións que permitan un maior achegamento do estudantado universitario ás demandas do mercado laboral e, en especial, a sinatura de convenios entre a universidade e outras entidades, públicas e privadas, orientadas a completar a formación do alumnado e das persoas tituladas da universidade e a facilitar a súa vinculación co mundo empresarial.
- Estimular a actividade investigadora da universidade, especialmente no relativo á súa vinculación cos sectores produtivos, apoiando os proxectos de I+D+i compartidos entre universidade, empresas e tecido social, así como as políticas de transferencia e difusión dos resultados obtidos nas investigacións universitarias.



2.3 COMPROMISOS

Co fin de lograr mellorar a interacción entre a sociedade e a UDC, o Consello Social da UDC asume os seguintes compromisos, como principios e pautas xerais de bo goberno e boa administración:

- Contribuír á creación de valor social e económico por parte da universidade e ao seu financiamento, fomentando que a ensinanza e a investigación se axusten ás demandas e necesidades sociais.
- Promover a construción dun modelo de financiamento universitario baseado na xusta e eficiente asignación dos recursos públicos que se destinan ás universidades, e no fomento da transferencia de resultados ao sector produtivo. Velar pola equidade e xustiza social no acceso ao servizo público de ensinanza superior.
- Promover que a xestión dos recursos dos que dispón a universidade resulte axustada ás expectativas e intereses da sociedade, fomentando que a asignación destes recursos se adecúe aos principios de sustentabilidade financeira, eficiencia, racionalidade, rigor orzamentario, transparencia e rendición de contas.
- Velar pola conservación do patrimonio cultural, arquitectónico, artístico e arqueolóxico da universidade, fomentando o uso e aproveitamento racional e sustentable do contorno natural das universidades, a eficiencia enerxética e a conservación dos bens móbiles e inmóbiles dos que é titular.
- Velar por un desenvolvemento coherente do mapa de titulacións, fomentando a adecuación do mesmo ás necesidades sociais e demandas do mercado laboral.
- Fortalecer a colaboración interuniversitaria e a proxección internacional da UDC. Contribuír á toma de posición institucional da universidade, apostando polo recoñecemento público das súas fortalezas e méritos.
- Fomentar a reflexión colectiva sobre aqueles asuntos que fosen de interese para a comunidade universitaria e a sociedade en xeral. Fomentar a participación dos antigos alumnos da UDC na construción do proxecto universitario.
- Impulsar a implantación da responsabilidade social na UDC, ferramenta chave para lograr fortalecer o compromiso da universidade co seu contorno e co seu tempo.
- Fomentar a formación en valores, a inclusión das persoas con discapacidade, e a non discriminación no ámbito da educación superior, como piares da formación que debe recibir o alumnado universitario.
- Promover a mellora da empregabilidade do alumnado universitario e das persoas que veñen de conseguir o título a través de iniciativas dirixidas a mellorar os seus coñecementos sobre a realidade empresarial e a súa formación no ámbito das habilidades e competencias transversais.
- Fomentar o emprendemento no ámbito da comunidade universitaria mediante a promoción de accións que permitan achegar a realidade da empresa aos universitarios e investigadores.
- Fomentar a modernización de modelos e estruturas orientados a facilitar e apoiar a colaboración universidade-empresa e a explotación dos resultados da investigación.
- Fomentar a formación permanente, ferramenta indispensable para a mellora socioeducativa das persoas, a mellora da empregabilidade, a actualización profesional e a adquisición de competencias profesionais.
- Promover o desenvolvemento urbanístico harmónico e racional das universidades, a accesibilidade e a plena integración dos campus universitarios no contorno urbano e territorial no que se sitúen.
- Promover, a través do presidente, a celebración de reunións periódicas cos responsables da xestión universitaria, co fin de obter información, explorar fórmulas de colaboración e transmitir o parecer do Consello Social sobre aquelas cuestións que fosen de interese común.

2.4 COMPOSICIÓN E ASISTENCIAS

Composición do pleno

(Actualizada a 31/12/2015)

PRESIDENTE

D. Antonio Abril Abadín

MEMBROS NATOS

REITOR

D. Xosé Luís Armesto Barbeito

SECRETARIO XERAL DA UDC

D. Carlos Amoedo Souto

XERENTE DA UDC

D. Juan Manuel Díaz Villoslada

REPRESENTANTES DO CONSELLO DE GOBERNO UDC

REPRESENTANTE DO PROFESORADO

D. Ricardo Cao Abad

REPRESENTANTE DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

D. Xosé Manuel Portela Fernández

REPRESENTANTE DO ESTUDANTADO

D^a. Ana Barxa Cid

REPRESENTANTES DOS INTERESES SOCIAIS DE GALICIA

DESIGNADOS POLO PARLAMENTO DE GALICIA

D. Luis Felipe Llamas Gómez

D^a. Carmen González-Rosón Flores

D. Alfonso Manuel López Pena

D. Eduardo Álvarez González

D. Ángel Manuel Teijeiro González

D. Luis Ramiro Díaz López

DESIGNADOS POLA XUNTA DE GALICIA

D^a. Nona Inés Vilariño Salgado

D. José María de Miguel Gómez

D^a. Marta María Blanco Vispo

D^a. Rosa Carril Iglesias

D^a. Nuria Blanco Santiago

D. Isidro Silveira Rey

DESIGNADOS POLOS SINDICATOS

D. Fernando Vázquez Martínez

D. Santiago Porta Dovalo

D. Alfonso Varela Vidal

DESIGNADOS POLAS ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS

D. Francisco J. Santiáñez Orero

D. Daniel Ramos Lobón

D. José Venegas Alonso

D. José Ramón Romero García

DESIGNADOS POLAS CORPORACIÓNS LOCAIS

A Coruña:

D. Francisco José Mourelo Barreiro

Ferrol:

D. Jesús Basterrechea López

DESIGNADOS POLOS COLEXIOS PROFESIONAIS

D^a. Carmen Piñeiro Lemos

SECRETARIO

D. Enrique Muñoz Lagarón

MEMBROS QUE CESARON DURANTE O EXERCICIO 2015

D^a. Nuria Vieira Sousa

D^a. María Concepción López Fernández

D. Emilio Francisco Lage Rodríguez

D^a. Emma Lustres Gómez

D. Andrés Vicente Salgueiro Armada

D. Marcelo Castro-Rial Schuler

MEMBROS DE NOVA INCORPORACIÓN NOMEADOS DURANTE O EXERCICIO 2015

D. Xosé Manuel Portela Fernández

D. Jesús Basterrechea López

D^a. Ana Barxa Cid


D. Eduardo Álvarez González

D. Luis Ramiro Díaz López

D. Luis Felipe Llamas Gómez

Asistencias dos conselleiros aos plenos en 2015

Durante o exercicio 2015 celebráronse tres reunións ordinarias do Pleno do Consello Social.



Asistencia dos membros do Consello Social aos plenos, en función do órgano polo que foron designados

| CONSELLEIROS | PLENOS | | | Nº PLENOS | % |
|--|--------|---|---|-----------|------|
| Presidente | ● | ● | ● | 2/3 | 66,7 |
| Tres membros natos (reitor, secretario xeral e xerente) | ● | ● | ● | 2/3 | 66,7 |
| Tres membros elixidos polo Consello de Goberno (PDI, PAS e estudantes) | ● | ● | ● | 3/3 | 100 |
| | ● | ● | ● | 3/3 | 100 |
| | ● | ● | ● | 3/3 | 100 |
| Seis membros designados polo Parlamento de Galicia | ● | ● | ● | 2/3 | 66,7 |
| | ● | ● | ● | 1/3 | 33,3 |
| | ● | ● | ● | 3/3 | 100 |
| | ● | ● | ● | 1/3 | 33,3 |
| | ● | ● | ● | 2/3 | 66,7 |
| | ● | ● | ● | 0/3 | 0 |
| | ● | ● | ● | 3/3 | 100 |
| Seis membros designados pola Xunta de Galicia | ● | ● | ● | 3/3 | 100 |
| | ● | ● | ● | 3/3 | 100 |
| | ● | ● | ● | 1/3 | 33,3 |
| | ● | ● | ● | 0/3 | 0 |
| | ● | ● | ● | 0/3 | 0 |
| | ● | ● | ● | 1/3 | 33,3 |
| | ● | ● | ● | 0/3 | 0 |
| Tres membros designados polos sindicatos | ● | ● | ● | 2/3 | 66,7 |
| | ● | ● | ● | 2/3 | 66,7 |
| | ● | ● | ● | 2/3 | 66,7 |
| Catro membros designados polas organizacións empresariais | ● | ● | ● | 1/3 | 33,3 |
| | ● | ● | ● | 1/3 | 33,3 |
| | ● | ● | ● | 3/3 | 100 |
| Dous membros designados polas corporacións locais | ● | ● | ● | 0/3 | 0 |
| | ● | ● | ● | 0/3 | 0 |
| | ● | ● | ● | 1/3 | 33,3 |
| Un membro designado polos Colexios Profesionais | ● | ● | ● | 3/3 | 100 |

● Asistencia ● Ausencia

Composición das comisións

(Actualizada a 31/12/2015)

COMISIÓN EXECUTIVA DO CONSELLO SOCIAL

PRESIDENTE

D. Antonio Abril Abadín, presidente do Consello Social da UDC.

VOGAIS

D. Xosé Luís Armesto Barbeito, reitor da UDC.

D. Carlos Amoedo Souto, secretario xeral da UDC.

D. Ricardo Cao Abad, representante do profesorado.

En representación dos intereses sociais.

D. Marcelo Castro-Rial Schuler

Dª. Carmen González-Rosón Flores

D. Alfonso Manuel López Pena

D. Daniel Ramos Lobón

D. Francisco J. Santiáñez Orero

D. Fernando Vázquez Martínez

D. José Venegas Alonso

Dª. Nona Inés Vilariño Souto

SECRETARIO DO CONSELLO SOCIAL DA UDC

D. Enrique Muñoz Lagarón

COMISIÓN PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS, FINANCIEROS E PATRIMONIAIS

PRESIDENTE

D. Antonio Abril Abadín

VOGAIS

D. Juan Manuel Díaz Villoslada, xerente da UDC.

D. Xosé Manuel Portela Fernández, representante do persoal de administración e servizos.

D. Emilio Francisco Lage Rodríguez, representante do estudantado.

En representación dos intereses sociais.

D. José Venegas Alonso

D. Isidro Silveira Rey

Dª. Marta María Blanco Vispo

Dª. Carmen Piñeiro Lemos

D. José María de Miguel Gómez

D. Alfonso Varela Vidal,

SECRETARIO

D. Enrique Muñoz Lagarón

COMISIÓN PERMANENTE DE SUPERVISIÓN DE ACTIVIDADES UNIVERSITARIAS

PRESIDENTE

D. Antonio Abril Abadín

VOGAIS

D. Carlos Amoedo Souto, secretario xeral da UDC.

D. Emilio Francisco Lage Rodríguez, representante do estudantado.

En representación dos intereses sociais.

Dª. Nuria Blanco Santiago

D. Santiago Porta Dovalo

Dª. Rosa Carril Iglesias

D. José Ramón Romero García

D. Ángel Manuel Teijeiro González


D. Andrés Vicente Salgueiro Armada

SECRETARIO

D. Enrique Muñoz Lagarón

Asistencia dos conselleiros ás Comisións en 2015

O Consello Social celebrou cinco reunións das súas comisións: dúas da Comisión Executiva e tres de Asuntos Económicos, Financeiros e Patrimoniais.





03 EJERCICIO 2015

- 3.1. Ejercicio 2015
- 3.2. Orzamento da UDC
- 3.3. liquidación do orzamento da UDC



D. Daniel Villanueva Lorenzana, director xeral da Fundación Entreculturas.

21/01/15

CONFERENCIA INAUGURAL DO DIRECTOR XERAL DA FUNDACIÓN ENTRECULTURAS NA CÁTEDRA INDITEX-UDC DE RS

A Cátedra Inditex-UDC de Responsabilidade Social abriu as súas actividades docentes do 2015 coa conferencia 'Empresa e corresponsabilidade nas fronteiras', impartida por D. Daniel Villanueva Lorenzana, director xeral da Fundación Entreculturas. O relatorio formaba parte do ciclo de conferencias 'En Código Aberto' e encaadrábase dentro do acto de apertura do Curso de Especialización en Responsabilidade e Innovación Social (CERIS) da Cátedra Inditex-UDC.

No acto celebrado no Salón de Graos da Facultade de Economía e Empresa da Universidade da Coruña (UDC) tamén interviñeron o presidente do Consello Social, D. Antonio Abril Abadín; a vicerreitora do Campus de Ferrol e de Responsabilidade Social, D^a. Araceli Torres Miño; o decano da Facultade de Economía e Empresa, D. Anxo Calvo Silvo; e a directora da Cátedra Inditex-UDC, D^a. Marta Rey García.

D. Daniel Villanueva Lorenzana apelou ao concepto de "solidariedade" en relación ao traballo que realiza a súa Fundación en todo o planeta: "Hai moitas fronteiras que non son prioridade para ninguén, nin para investir, nin para prestarlles atención. Non hai motivos para ir que non sexan outros que a mera solidariedade. Entreculturas está alí para elevar a calidade da educa-

ción, que é unha forma de intervir no ciclo da pobreza, segundo múltiples informes da UNESCO".

D. Antonio Abril Abadín, pola súa parte, insistiu na necesidade de "sensibilizar á sociedade con referentes da responsabilidade social" e destacou o importante traballo da Fundación Entreculturas: "A Compañía de Jesús centra as súas actividades en educación, igualdade e internacionalización das súas accións. Rompeu moitas fronteiras educativas".

Máis información en: <http://catedrainditexudc.org>

20/01/15

REUNIÓN DA COMISIÓN EXECUTIVA

A Comisión Executiva do Consello Social da Universidade da Coruña reuniuse o 20 de xaneiro de 2015. O seu presidente, D. Antonio Abril Abadín, detallou o Plan Operativo para o ano 2015 e os directores de Espazo Compartido, CE10 e Cátedra Inditex-UDC, tres dos proxectos impulsados polo Consello Social, realizaron un balance de actuacións de 2014 e dos seus proxectos para 2015. Na reunión tamén se presentaron as conclusións do informe 'Inserción laboral dos estudantes universitarios', elaborado con datos do Ministerio de Educación, a Seguridade Social, o Instituto Nacional de Estatística (INE) e a Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Españolas (CCS); e do documento 'As universidades españolas. Unha perspectiva autonómica. 2014', da Fundación CYD.

02/02/15

ESPAZO COMPARTIDO LANZA O SEU PROGRAMA DE PRIMEIRAS EXPERIENCIAS LABORAIS

O programa Espazo Compartido, impulsado polo Consello Social da Universidade da Coruña, a Vicerreitoría do Campus de Ferrol e de Responsabilidade Social da UDC e a Fundación UDC (FUAC), lanzou na súa segunda edición un Programa de Primeiras Experiencias Laborais que permitiu aos seus alumnos ter unha experiencia profesional real en empresas.

A iniciativa consiste nunha formación práctica que persegue o obxectivo de aumentar as posibilidades de que os alumnos se incorporen a un posto de traballo normalizado, como unha forma de contribuír á súa autonomía e á construción dun proxecto de vida propio.

O Programa de Primeiras Experiencias Laborais fórmase como unha experiencia enriquecedora para as empresas que se sumen a esta iniciativa, como unha forma de reforzar as súas accións de Responsabilidade Social Empresarial (RSE).

Espazo Compartido, que conta co patrocinio do Banco Santander e a Fundación Universia, e coa colaboración da Asociación Down Coruña e a Universidade Andrés



Alumnado da segunda edición de Espazo Compartido.

Bello de Chile, abrangue tres cursos académicos, cunha formación teórica previa nas aulas da Universidade da Coruña e a realización de prácticas en empresas. Espazo Compartido conta con alumnado con discapacidade cognitiva con idades comprendidas entre os 19 e os 35 anos, cun factor común, que é a súa motivación por acceder ao mercado laboral e conseguir unha maior autonomía na súa vida.

Máis información en: <http://espazocompartidoudc.com>

10/02/15

NOVO CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

D. Román Rodríguez González asumiu o 10 de febreiro de 2015 o posto de conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en substitución de D. Jesús Vázquez Abad. No acto celebrado en Santiago de Compostela, o presidente da Xunta de Galicia, D. Alberto Núñez Feijóo, encomendou ao novo conselleiro a misión de "preparar aos galegos para o futuro" e o reto de conseguir o "maior consenso posible" nunha área "sensible".

05/02/15

REUNIÓN DA COMISIÓN DE DOCUMENTOS E PROXECTOS DA FUNDACIÓN CYD

O presidente do Consello Social da Universidade da Coruña, D. Antonio Abril Abadín, presidiu o 5 de febreiro a reunión da Comisión de Documentos e Proxectos da Fundación Conocimiento y Desarrollo (CYD), que representa o compromiso da empresa española coa terceira misión universitaria. A Fundación CYD ten como obxectivo analizar e promover a contribución das universidades ao desenvolvemento económico e social do seu contorno.



De esquerda a dereita, D. Federico Mayor Zaragoza, D. Xosé Luís Armesto Barbeito, D. Antonio Abril Abadín e D. Moisés Canle López.

04/02/15 APERTURA DO CICLO DE CONFERENCIAS 'A UNIVERSIDADE PÚBLICA POSIBLE'

O presidente da Fundación Cultura de Paz, D. Federico Mayor Zaragoza, ex-ministro de Educación e ex-director xeral da UNESCO, abriu na Facultade de Ciencias o ciclo de conferencias 'A universidade pública posible', dentro dos actos de celebración do 25º aniversario da Universidade da Coruña (UDC).

A conferencia de D. Federico Mayor Zaragoza, baixo o nome 'A educación superior, na vangarda da nova era que se avexa', contou coa presenza do reitor da UDC, D. Xosé Luís Armesto Barbeito; o presidente do Consello Social, D. Antonio Abril Abadín; e o decano da Facultade de Ciencias, D. Moisés Canle López.

O ex-ministro de Educación lamentou que a crise económica teña obrigado nos últimos anos a emigrar a parte do talento formado en España. "Unha das cousas que creo que é das máis terribles para España", comentou, "é que alumnos que nos custaron moitos anos e que fixeron unhas boas carreiras, teñan que marchar fóra".

D. Antonio Abril Abadín, pola súa parte, destacou na súa intervención a importancia que ten para a sociedade a relación entre a educación superior e o tecido produtivo: "Fai falta un cambio na cultura de empresas e universidades, pero é un erro dicir que o ache-

gamento empresa-universidade cuestiona as esencia da academia e mesmo o sagrado principio de equidade universitaria. A universidade pública en España é o grande instrumento de igualación social pola vía do mérito e do esforzo, fronte á cultura da especulación e o enriquecemento fácil que tanto dano lle fixo á sociedade española".

O presidente do Consello Social da UDC engadiu que "a universidade é moito máis vítima que culpable da situación de carencia actual de financiamento e dun axeitado sistema de xestión".

24/02/15 NOVO PRESIDENTE DA CCS

D. Manuel Pizarro Moreno foi elixido como novo presidente da Conferencia de Consellos Sociais de Universidades Españolas (CCS) na Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada en Madrid o 24 de febreiro de 2015. O presidente del Consello Social da Universidade Autónoma de Madrid relevou a D. Joaquín Moya-Angeler Cabrera, que cesou de forma voluntaria no cargo que ocupara dende 2004.

Nesa mesma reunión, D. Ladislao de Arriba Azcona, presidente do Consello Social da Universidade de Oviedo, entrou a formar parte do Comité Executivo da CCS, un órgano no que está presente como vogal o presidente do Consello Social da Universidade da Coruña, D. Antonio Abril Abadín, quen ademais preside a Comisión Académica da CCS.



D. Alberto Núñez Feijóo, presidente da Xunta de Galicia.

23/03/15 ENCONTRO EMPRESARIAL SOBRE MARCA ESPAÑA EN SANTIAGO

Xunta de Galicia, IGAPE e Marca España organizaron en Santiago de Compostela o encontro empresarial 'Marca España: un esforzo conxunto cara a unha industria innovadora e global', no que participou D. Antonio Abril Abadín, vicepresidente do Foro Marcas Renomeadas de España e presidente do Consello Social da Universidade da Coruña.

A xornada tiña como obxectivo debater e poñer en valor a imaxe de España no exterior e contribuír a mellorar a competitividade e a internacionalización das empresas dende diferentes puntos de vista, que achegaron representantes de importantes empresas e organismos de ámbito galego e estatal.

No encontro interviñeron a ministra de Fomento, Dª. Ana Pastor Julián; o ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, D. José Manuel García-Margallo y Marfil; o presidente da Xunta de Galicia, D. Alberto Núñez Feijóo; o conselleiro de Economía e Industria, D. Francisco Conde López; o Alto Comisionado para a Marca España, D. Carlos Espinosa de los Monteros y Bernaldo de Quirós; e a secretaria de Estado de Turismo, D. Isabel María Borrego Cortés.

Os grandes eixes de contido desta xornada foron a fábrica do futuro, os sectores estratéxicos, o talento e a loxística e infraestruturas, que se abordaron dende catro mesas de traballo simultáneas, onde se debateron

os aspectos de maior relevancia para a actividade industrial, así como os retos e oportunidades aos que se enfrontaban os sectores produtivos e económicos de España e, concretamente, de Galicia. D. Antonio Abril Abadín tomou parte nesta cita como relator na mesa de traballo dedicada ao talento.

5-6/03/15 CONGRESO SOBRE DISCAPACIDADE EN GRANADA

O equipo docente de Espazo Compartido, programa impulsado polo Consello Social da Universidade da Coruña, a Vicerreitoría do Campus de Ferrol e de Responsabilidade Social da UDC e a Fundación UDC (FUAC), para a formación sociolaboral de persoas con discapacidade cognitiva, participou no I Congreso Nacional sobre o Emprego de Persoas con Discapacidade 'Cara a plena inclusión laboral', celebrado en Granada os días 5 e 6 de marzo de 2015.

O obxectivo do congreso era realizar unha valoración crítica e exhaustiva da situación das persoas con discapacidade no ámbito laboral, tanto en emprego ordinario como en emprego protexido, para identificar os retos de futuro. D. Eloy Calvo García, docente de Espazo Compartido, foi o encargado de presentar o proxecto desenvolvido na UDC, dentro dunha lectura de comunicacións sobre boas prácticas.

Máis información en: <http://espazocompartidoudc.com>



D. Santiago Villanueva Álvarez e D. Antonio Abril Abadín.

REUNIÓN CO DELEGADO DO GOBERNO EN GALICIA

06/04/15

O delegado do Goberno en Galicia, D. Santiago Villanueva Álvarez, recibiu ao presidente do Consello Social da UDC, D. Antonio Abril Abadín. A reunión celebrouse na Coruña, na sede da Delegación do Goberno, e encadrábase dentro da política de colaboración do Consello Social coas institucións públicas e privadas do seu ámbito de actuación.

D. Antonio Abril Abadín trazou as liñas futuras de colaboración entre as dúas institucións e fixo un repaso das actuacións do Consello Social en materia de responsabilidade social, de fomento das relacións entre a universidade e a sociedade, e de desenvolvemento de actuacións nas áreas de innovación, emprendemento e transferencia de coñecemento.

COMISIÓN UNIVERSIDADE-EMPRESA DA CÁMARA DE COMERCIO DE ESPAÑA

27/04/15

A Comisión Universidade-Empresa da Cámara de Comercio de España celebrou a súa primeira reunión o 27 de abril de 2015, co obxectivo de cooperar e xuntar esforzos para o necesario fortalecemento da relación entre a universidade e a empresa. Esta comisión, presidida por D. Antonio Abril Abadín, presidente do Consello Social da UDC, está formada por representantes de empresas, institucións públicas e universidades.

A Cámara de Comercio de España é o órgano de representación e coordinación de todas as Cámaras de Comercio territoriais ante instancias estatais e internacionais. Desempeña un labor activo como órgano consultivo e de colaboración coa Administración Xeral do Estado, sendo responsable do deseño e execución dos Plans Camerais de Competitividade e Internacionalización da empresa española. Caracterízase, entre outras cuestións, por ser unha organización de referencia para a colaboración público-privada.

Nesta primeira sesión da comisión púxose de relevancia a necesidade de traballar coa Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Españolas (CCS), a Fundación CYD e a Conferencia de Reitores de Universidades Españolas (CRUE). Tamén se debateu e se realizaron propostas sobre normativa e informes de interese en materia de política universitaria, inserción laboral e transferencia de resultados. Todos os integrantes amosáronse de acordo en que a comisión debe traballar, sensibilizar e promover a necesidade de cambio na universidade.

Á marxe de D. Antonio Abril Abadín, tamén forma parte do comité executivo da Cámara de Comercio de España, o presidente da Cámara de Comercio da Coruña e membro do Consello Social da UDC, D. Marcelo Castro-Rial Schuler.



Alguns dos relatores participantes no encontro 'O mundo que vén'.

ENCONTRO EN XIJÓN SOBRE 'O MUNDO QUE VÉN'

29/04/15

Dez directivos e expertos de diferentes ámbitos, reunidos en Xijón pola Asociación para o Progreso da Dirección (APD), analizaron dende diferentes puntos de vista 'O mundo que vén'. Os relatores, entre os que se atopaba o presidente do Consello Social da Universidade da Coruña, D. Antonio Abril Abadín, amosáronse optimistas ante o que está por chegar e deron claves para aproveitar as oportunidades dun futuro no que se valorará o talento, a tecnoloxía seguirá a mover o mundo e a industria terá máis peso en Europa.

Os tres primeiros asuntos abordados durante o encontro foron sobre educación e valores, os tres seguintes sobre desafíos xeopolíticos e tecnolóxicos, e os catro últimos sobre a empresa.

D. Antonio Abril Abadín sinalou durante a súa intervención que o mellor investimento é o que se realiza en talento, xa que supón o verdadeiro motor económico e social. O presidente do Consello Social da UDC destacou sobre as universidades españolas "a súa excelente función docente e a súa meritoria produción científica", aínda que matizou que debe orientarse máis á "transferencia do coñecemento ao sector produtivo".

A reforma da xestión e do financiamento das universidades españolas foi outro dos puntos de interese da intervención de D. Antonio Abril Abadín. "O financiamento das universidades vía transferencias e taxas debe aumentar para reducir o grao de dependencia do sector público. Necesitamos universidades públicas excelentes e o camiño máis directo é un pacto de Estado que aborde con realismo, valentía, xenerosidade e grandeza de miras a reforma da súa xestión e financiamento", explicou o presidente do Consello Social da UDC.

Tamén participaron na xornada o psicólogo forense D. Javier Urra Portillo; o padre Ángel García Rodríguez, fundador de Mensaxeiros da Paz; o tenente coronel D. Francisco José Berenguer Hernández, analista do Instituto Español de Estudos Estratéxicos; D. Juan Manuel Navarro García, director de Empresas e Institucións en Asturias de Vodafone; D. Carlos Barrabés Cónsul, un dos pioneiros do comercio electrónico en España; D^a. María Teresa Mallada de Castro, presidenta de Hunosa; D. Adolfo Menéndez Menéndez, presidente da Asociación Española de Empresas Tecnolóxicas de Defensa, Aeronáutica e Espazo; D. Juan Manuel Rodríguez Coloma, director xeral de ILAS-Reny Picot; e D. Javier Targetta Roza, conselleiro delegado de Atlantic Copper.

06/05/15 A CÁTEDRA INDITEX-UDC ABORDA AS CONSECUCIÓNS DA CRISE ECONÓMICA

A segunda sesión do ciclo de conferencias 'En Código Aberto', da Cátedra Inditex-UDC de Responsabilidade Social, contou coa presenza de D. Sebastián Royo Medina, catedrático de Ciencia Política no Departamento de Goberno e vicerreitor da Suffolk University, que impartiu a conferencia 'Crise económica e crise institucional. Que aprendemos?'.
O acto celebrouse no Salón de Graos da Facultade de Economía e Empresa da Universidade da Coruña (UDC), coa presenza entre os asistentes do conselleiro de Economía e Industria da Xunta de Galicia, D. Francisco Conde López, e coa intervención do presidente do Consello Social da UDC, D. Antonio Abril Abadín; o decano da Facultade de Economía e Empresa, D. Anxo Calvo Silvosa; e a directora da Cátedra Inditex-UDC, D^a. Marta Rey García.

D. Sebastián Royo Medina realizou unha análise das consecuencias da crise económica e das valiosas leccións que se poden extraer desa experiencia: "Temos que aprender dos erros que cometemos no pasado e ser capaces de recoñecer que a responsabilidade da crise financeira non vén só do lado dos debedores, senón tamén do lado dos acredores". O catedrático e



D. Anxo Calvo Silvosa, D. Sebastián Royo Medina, D. Francisco Conde López e D. Antonio Abril Abadín.

vicerreitor da Suffolk University engadiu que "a recesión rematou, pero a crise aínda continúa".

D. Antonio Abril Abadín, pola súa parte, fixo fincapé en que segue pendente unha "reforma profunda das universidades" e cualificou como fundamental ese debate: "Queremos facer unha sociedade e unha economía do talento, onde as universidades teñen que estar presentes".

Máis información en: <http://catedrainditexudc.org>

27/05/15 SEGUNDA REUNIÓN DA COMISIÓN EXECUTIVA

A Comisión Executiva do Consello Social da UDC mantivo a súa segunda reunión do ano, na que abordou, entre outras cuestións, a emisión dun informe sobre o proxecto de decreto polo que a Xunta propoñía conxelar os prezos dos estudos oficiais para o curso 2015/2016; a proposta de contratación da auditoría das contas anuais da UDC; a aprobación da creación da empresa de base tecnolóxica Instituto Galego de Estimulación Cerebral (IGAEC); e a aceptación da doazón do fondo bibliográfico de María Wonenburger á UDC.

05/15 POSTA EN MARCHA DA WEB DO CONSELLO SOCIAL

O Consello Social da UDC puxo en marcha en maio de 2015 a súa páxina web oficial, presentada ante a Comisión Executiva do 27 de maio.

Na nova web recóllense as súas actuacións, as súas funcións, os seus compromisos, a actualidade que xera na súa actividade diaria e, en xeral, toda a información necesaria para axudar a cumprir os seus obxectivos de transparencia e rendición de contas.

Máis información en: <http://consellosocial.udc.es>



Acto de presentación da segunda edición do Ranking CYD.

08/06/15 PRESENTACIÓN DA SEGUNDA EDICIÓN DO RANKING CYD

A Fundación CYD, de cuxo Padroado forma parte o presidente do Consello Social da Universidade da Coruña, D. Antonio Abril Abadín, presentou en Madrid a segunda edición do Ranking CYD, a súa clasificación independente de universidades españolas. O documento é unha ferramenta que ofrece aos estudantes información máis detallada sobre os resultados obtidos polas universidades e os seus ámbitos de coñecemento, e que ofrece aos responsables universitarios e políticos un instrumento para facilitar a toma de decisións.

O acto contou coa presenza de D. Xavier Prats Monné, director xeral de Educación e Cultura da Comisión Europea, quen destacou que "o Ranking CYD é unha ilustración reveladora do moito que contribúen as universidades españolas ao coñecemento e ao desenvolvemento da sociedade, unha fonte de información indispensable para unha mellor toma de decisións".

Na presentación tamén estivo presente D. Javier Monzón de Cáceres, presidente do Comité Executivo da Fundación CYD, quen manifestou que "a Fundación CYD quere contribuír ao progreso e excelencia das nosas universidades. O Ranking CYD é un eixe central nesta misión. Está concibido para que todos os interesados na universidade española poidan coñecela mellor, xestionala mellor e tamén aproveitar máis e mellor as súas capacidades e potencialidades".

Dende o momento da presentación quedaron dispoñibles na web do Ranking CYD os datos das 60 universidades españolas participantes, que cobren a práctica totalidade das Comunidades Autónomas, e que inclúen 42 universidades públicas (entre elas, a Universidade da Coruña), 18 privadas e tres a distancia.

Os novos resultados achegan unha clasificación institucional actualizada, de sete ámbitos de coñecemento (empresariais, física, enxeñaría eléctrica, enxeñaría mecánica, medicina, psicoloxía e informática) e, como novidade con respecto á primeira edición, a posibilidade de acceder a unha clasificación de valores absolutos de estudantes, profesorado, publicacións e patentes.

Máis información en: www.rankingcyd.org

03/06/15 REUNIÓN DO CGU EN SANTIAGO

O Consello Galego de Universidades (CGU) reuniu en Santiago de Compostela aos principais representantes das tres universidades galegas, nun pleno presidido polo conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, D. Román Rodríguez González. Na reunión, entre outras cuestións, abordouse a negociación do novo Plan de Financiamento 2016-2020 do Sistema Universitario de Galicia (SUG), en relación aos fondos que recibiría cada unha das universidades e os criterios para realizar esa repartición.



D^a Marta Rey García, D. Antonio Abril Abadín, D. Xosé Luís Armesto Barbeito e D^a. Araceli Torres Miño, co alumnado do CERIS.

05/06/15 CLAUSURA DO CERIS DA CÁTEDRA INDITEX-UDC DE RS

A Cátedra Inditex-UDC de Responsabilidade Social pechou o curso académico 2014/2015 coa entrega de diplomas aos alumnos do seu Curso de Especialización en Responsabilidade e Innovación Social (CERIS). O acto tivo como escenario o Paraninfo da Reitoría da Universidade da Coruña e contou coa intervención de D. Peter McAllister, director de Ethical Trading Initiative (ETI), co relatorio 'Responsabilidade Social no corazón dunha estratexia sustentable', dentro do ciclo de conferencias 'En Código Aberto'.

D. Peter McAllister chegaba avalado por unha traxectoria de máis de 20 anos dedicado a iniciativas de desenvolvemento e internacionalización de dereitos laborais. "Hai que diferenciar entre o que é bo para o negocio e o que é bo para a xente. Un negocio de éxito ten que ter en conta á xente e ao medio. As empresas deben buscar beneficios, pero non a calquera prezo", explicou o director de ETI, unha alianza líder de empresas, sindicatos e ONGs, integrada, entre outros, por Inditex, H&M, Primark, Oxfam e Save the Children.

O acto de clausura do curso académico da Cátedra Inditex-UDC estivo presidido polo reitor da Universidade da Coruña, D. Xosé Luís Armesto Barbeito; o presiden-

te do Consello Social da UDC, D. Antonio Abril Abadín; a vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, D^a. Araceli Torres Miño; e a directora da Cátedra Inditex-UDC, D^a. Marta Rey García.

O reitor da UDC fixo fincapé na importancia da actividade desenvolvida pola Cátedra Inditex-UDC. "A responsabilidade social debe estar no centro da axenda das administracións e empresas", argumentou D. Xosé Luís Armesto Barbeito, "pero hai moito traballo por diante e é especialmente satisfactorio que a UDC forme profesionais para iso".

O presidente do Consello Social da UDC, pola súa parte, destacou a importancia de traballar nunha liña de colaboración entre empresa e universidade. "Hai moito camiño por facer en responsabilidade social no ámbito empresarial. Estamos a facer na UDC o que necesita a sociedade en materia de colaboración empresa-universidade e na área de innovación social. O benestar da sociedade depende de que as empresas e as universidades xeren valor a partir do talento", comentou D. Antonio Abril Abadín.

Máis información en: <http://catedrainditexudc.org>

25/06/15 REUNIÓN DA COMISIÓN DE ASUNTOS ECONÓMICOS

A Comisión de Asuntos Económicos, Financeiros e Patrimoniais do Consello Social da Universidade da Coruña, presidida por D. Antonio Abril Abadín, reuniuse o 25 de xuño de 2015, no exercicio das competencias de control e supervisión das actividades económicas da UDC que lle corresponden.

Na reunión analizouse a situación económica da UDC, tras a resolución conxunta ditada o 17 de xuño de 2015 pola Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestruturas, e a Xerencia da UDC, na que se acordaba a suspensión de compromisos de gastos con cargo ao orzamento de 2015.

A vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas acudiu a esta reunión a invitación do Consello Social, para explicar, conxuntamente co xerente da UDC, o contexto e as razóns que motivaron a citada resolución.

Á vista da información proporcionada pola UDC durante a reunión, a Comisión de Asuntos Económicos, Financeiros e Patrimoniais:

- Primeiro. Considerou adecuada e razoable a medida de suspensión temporal de compromisos de gasto con cargo ao orzamento 2015, coa finalidade de facer fronte á situación de falta de liquidez da tesourería.
- Segundo. Constatou que a UDC carecía de débeda financeira e que, dado que a devandita falta de liquidez se debía á non percepción en prazo de ingresos previstos, as medidas adoptadas só afectaban, temporalmente, a novos compromisos de gasto con cargo a financiamento propio do orzamento 2015, e non a novos compromisos que puidesen adquirirse con cargo a fondos externos e/ou finalistas, nin aos compromisos de gasto formalizados con anterioridade ao 17 de xuño de 2015, cuxa tramitación seguiu o seu curso normal.
- Terceiro. Avalou a iniciativa da Universidade da Coruña de presentar, no máis breve prazo de tem-

po, ante o Consello de Goberno e ante o Pleno do Consello Social, unha proposta de axuste do orzamento correspondente ao exercicio 2015, co fin de recuperar a situación de equilibrio orzamentario.

- Cuarto. Instou ás administracións públicas competentes da Xunta de Galicia e á Universidade a formalizar, coa maior brevidade, un plan de reequilibrio orzamentario que permitise á UDC recuperar o normal funcionamento da institución e evitase maiores prexuízos á comunidade universitaria e á sociedade.
- Quinto. Solicitou que no novo Plan de Financiamento do SUG, naquel momento en proceso de negociación, se arbitrasen medidas que permitisen reducir o déficit histórico de financiamento que viña padecendo a UDC, de maneira que tensións de tesourería como as actuais resultasen máis improbables.

11/06/15 RENOVACIÓN DO COMITÉ EXECUTIVO DA CCS

A Conferencia de Consellos Sociais de Universidades Españolas (CCS) celebrou en Madrid a súa Asemblea Xeral, na que, entre outros asuntos, se aprobou o nomeamento de tres novos vogais do seu Comité Executivo: D^a. Mónica Bragado Cabeza (Universidade Politécnica de Valencia), D. Joan Pedrerol Gallego (Universidade Rovira i Virgili) e D. Ángel Tristán Pimienta (Universidade de Las Palmas de Gran Canaria). Os novos vogais supliron as vacantes existentes tras a renuncia de D. Francisco Borja Miralles (Universidade Miguel Hernández) e o relevo de D. Antón Valero Solanellas (Universidade Rovira i Virgili) e D. Lothar Siemens Hernández (Universidade de Las Palmas de Gran Canaria).

Na repartición das comisións de traballo, o presidente do Consello Social da Universidade da Coruña, D. Antonio Abril Abadín, quedou como responsable da Comisión Académica da CCS. Na reunión, tamén se presentou o estudo 'Consellos Sociais e orzamentos universitarios: guía básica', froito da colaboración entre a CCS e a Conferencia de Presidentes das Institucións Autonómicas de Control Externo de España.



O Pleno do Consello Social reuniuse o 23 de xullo de 2015 no Centro Universitario de Riazor.

23/07/15 PLENO ORDINARIO DO CONSELLO SOCIAL

O Pleno do Consello Social mantivo o pasado 23 de xullo de 2015 unha reunión ordinaria no Salón de Plenos do Centro Universitario de Riazor, onde se adoptaron os seguintes acordos:

- Grao en Tecnoloxía da Enxeñaría Civil.
- Grao en Turismo

Títulos de mestrado para o curso 2016/2017

O Pleno acordou a emisión dun informe favorable sobre a proposta de modificación dos seguintes mestrados para o curso 2016/2017:

- Mestrado Universitario en Rehabilitación Arquitectónica.
- Mestrado Universitario en Bioloxía Mariña.
- Mestrado Universitario en Investigación Química e Química Industrial.
- Mestrado Universitario en Asesoramento Xurídico Empresarial.
- Mestrado Universitario en Estudos da Unión Europea.
- Mestrado Universitario en Dirección Integrada de Proxectos.
- Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade.

Títulos de grao para o curso 2016/2017

O Pleno emitiu un informe favorable sobre a proposta de modificación dos seguintes graos para o curso 2016/2017:

- Grao en Bioloxía.
- Grao en Comunicación Audiovisual.
- Grao en Dereito.
- Grao en Enfermaría.
- Grao en Química.

Así mesmo, o Pleno emitiu un informe favorable sobre a proposta de novos mestrados para o curso 2016/2017:

- Mestrado Universitario en Planificación e Xestión de Destinos e Novos Produtos Turísticos.
- Mestrado Universitario en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria.
- Mestrado Universitario en Eficiencia e Aproveitamento Enerxético.
- Mestrado Universitario en Bioinformática para Ciencias da Saúde.

Títulos de doutoramento para o curso 2016/2017

O Pleno acordou a aprobación da proposta do programa de doutoramento en Ciencias Sociais e do Comportamento para o curso 2016/2017.

Extinción da Sociedade Xestora do CITIC

O Pleno aprobou a extinción da Sociedade Xestora do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións.

Creación da Fundación CITIC

O Pleno acordou a aprobación da creación da Fundación Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións de Galicia.

Creación da empresa de base tecnolóxica Nerxus Quality Solutions S.L.

O Pleno do Consello Social aprobou a creación de Nerxus Quality Solutions S.L., empresa de base tecnolóxica da Universidade da Coruña. Nerxus ofrece un servizo de asesoría *big data* en eficiencia enerxética para instalacións e locais, orientado a empresas do sector servizos.



08/15

REPORTAXE NA REVISTA POCOMACO

Na súa edición de agosto de 2015, a revista Pocomaco dedicou unha reportaxe de dúas páxinas ao traballo realizado polo Consello Social da UDC. A publicación impulsada pola Asociación de Empresarios do Polígono de Pocomaco (A Coruña) recollía ademais o punto de vista do presidente do Consello Social, D. Antonio Abril Abadín, que facía fincapé na necesidade de fomentar unha relación estreita entre as universidades españolas e o tecido empresarial: "A relación entre as universidades e as empresas pasou en pouco tempo de ser simplemente conveniente a converterse nunha necesidade nacional".



O acto de apertura do curso 2015/2016 no SUG tivo como escenario o Paraninfo da UDC.

04/09/15 A UDC ACOLLE O ACTO OFICIAL DE APERTURA DO CURSO NO SUG

O Sistema Universitario de Galicia (SUG) celebrou no Paraninfo da Universidade da Coruña (UDC) o acto oficial de apertura do curso académico 2015/2016. O evento contou coa presenza do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, D. Román Rodríguez González; o reitor da UDC, D. Xosé Luís Armesto Barbeito; e o presidente do Consello Social da UDC, D. Antonio Abril Abadín.

No acto tamén estiveron presentes o reitor da Universidade de Santiago de Compostela (USC), D. Juan Viaño Rey; o reitor da Universidade de Vigo, D. Salustiano Mato de la Iglesia; o presidente do Consello Social da USC, D. José María Arias Mosquera; e o presidente do Consello Social da Universidade de Vigo, D. Ernesto Pedrosa Silva.

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria referiuse na súa intervención á universidade como "un servizo público en constante movemento" e quixo lanzar unha mensaxe optimista: "É tempo de estar ilusionado. Temos que ter orgullo das nosas universidades, polo seu labor formativo e investigador, pero sen caer na autocompracencia".

O Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia para o período 2016-2020 tamén tivo

protagonismo no discurso de D. Román Rodríguez González. "Vimos de definir o novo plan ata 2020", comentou o conselleiro, "baseado na cooperación e que atende as lexítimas reclamacións de maior financiamento. Garántese a suficiencia e un incremento dun 17% do financiamento público. É o maior esforzo investidor da historia".

O reitor da Universidade da Coruña, pola súa parte, destacou a importancia da educación superior: "As universidades céntranse na transmisión do saber, independentemente do seu valor económico, e son un ben público que proporciona coñecemento á sociedade". A situación económica das universidades galegas tamén tivo un oco na intervención de D. Xosé Luís Armesto Barbeito: "A universidade ten un problema de ingreso, non de gasto, que se ve continuamente recortado nos últimos anos. Precisamos do máximo apoio da sociedade e da administración pública".

O acto de inauguración do curso académico abriuse coa conferencia sobre a evolución e o estado actual das ciencias da actividade física, a cargo de D. José Manuel Cardesín Villaverde, profesor da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física da UDC.

28/09/15 COMEZA A TERCEIRA EDICIÓN DE ESPAZO COMPARTIDO

O programa Espazo Compartido deu a benvida o 28 de setembro aos alumnos da súa terceira edición, nunha xornada de acollida celebrada na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña (UDC), na que participaron os estudantes, as familias e os docentes.

Esta iniciativa consolidouse como unha aposta do Consello Social da Universidade da Coruña, da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e de Responsabilidade Social da UDC e da Fundación UDC (FUAC) pola inclusión no espazo formativo universitario das persoas con discapacidade cognitiva, para garantir o seu dereito a unha formación digna e fomentar a súa inclusión laboral.

Co patrocinio do Banco Santander e da Fundación Universia, e coa participación de Down Coruña e a Universidade Andrés Bello de Chile, Espazo Compartido pretende abrir o espazo universitario a colectivos que non poden acceder ás canles de formación ordinarias debido ás barreiras de acceso da educación superior en España.

Espazo Compartido, que naceu como un proxecto pioneiro en España, abrangue tres cursos académicos e complementa a formación teórica cun programa de Primeiras Experiencias Laborais que permite ao alumnado ter unha experiencia real en empresas, un primeiro paso para acceder ao mercado laboral e afrontar a súa vida adulta con maior autonomía.

No acto de presentación, os docentes fixeron un repaso dos logros acadados co programa, expuxeron os novos plans para o curso 2015/2016 e presentaron aos novos profesionais que se incorporaron ao equipo de Espazo Compartido.

Máis información en: <http://espazocompartidoucd.com>



D. Antonio Abril Abadín e D. Jorge Suárez Fernández.

25/09/15 O ALCALDE DE FERROL RECIBE AO PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL

Dentro da súa rolda de visitas aos principais axentes sociais da provincia da Coruña, o presidente do Consello Social da UDC, D. Antonio Abril Abadín, foi recibido o 25 de setembro de 2015 no despacho do alcalde de Ferrol, D. Jorge Suárez Fernández.

D. Antonio Abril Abadín explicou os campos de traballo do Consello Social en materia de responsabilidade social, emprendemento, formación en competencias profesionais e transferencia de coñecemento. Consistente da importante presenza da UDC en Ferrol, nos campus de Esteiro e Serantes, D. Jorge Suárez Fernández amosou o seu interese polo estado da Universidade da Coruña, pola adaptación dos campus ferroláns ás titulacións existentes e pola necesidade de potenciar a oferta educativa actual.



D^o. Noelia Salido Andrés, D^o. Marta Rey García e D^o. Ana Isabel do Rego Felgueiras, autoras do estudo.

15/09/15 ESTUDO DA CÁTEDRA INDITEX-UDC EN COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN CYD

A Fundación Conocimiento y Desarrollo (CYD) fixo público o 15 de setembro de 2015 o estudo "Que esperan os estudantes das universidades socialmente responsables? Proposta dun cadro de mando orientado ás súas expectativas", dirixido por D^o. Marta Rey García, profesora da Universidade da Coruña (UDC) e directora da Cátedra Inditex-UDC de Responsabilidade Social, no que participaron como coautoras D^o. Ana Isabel do Rego Felgueiras e D^o. Noelia Salido Andrés, integrantes do equipo de investigación da Cátedra Inditex-UDC.

A elaboración deste estudo, realizado co apoio da Fundación CYD, contou coa colaboración dos *alumni* do Curso de Especialización en Responsabilidade e Innovación Social (CERIS) da Cátedra Inditex-UDC.

O estudo formulou, dende unha perspectiva empírica, cuestións de gran relevancia para o debate universitario, que ata o momento recibiran escasa atención por parte da literatura dispoñible sobre responsabilidade social universitaria: que esperan os estudantes das universidades socialmente responsables, por que as expectativas do alumnado son relevantes e como poden as universidades mellorar a súa capacidade de resposta.

Os resultados do estudo, ademais de identificar as expectativas dos universitarios, situaban aos estudantes como grupo de interese prioritario para a mellora do desempeño das universidades españolas neste ámbito.

No terreo práctico, o estudo propuxo e xustificou empiricamente unha sinxela ferramenta de xestión orientada á satisfacción das expectativas do estudiantado. A implantación dese cadro de mando facilitaría ás universidades a toma de decisións estratéxicas e a integración da responsabilidade social nos seus modelos de goberno e dirección.

O estudo, por último, recomendaba o reforzo do compromiso dos estudantes coas políticas de mellora continua de cada universidade, mediante o deseño e posta en práctica de estratexias de marketing interno e externo orientadas á transformación social. Deste modo, as universidades socialmente responsables avanzarían en paralelo na efectiva implantación e consolidación dos seus sistemas de goberno e xestión estratéxica, así como na orientación das políticas universitarias cara á satisfacción dos intereses e inquietudes dos estudantes e, en xeral, da sociedade.

Máis información en: <http://catedrainditexudc.org>

02/10/15 CLAUSURA NA CORUÑA DAS XORNADAS DE XERENCIA UNIVERSITARIA

A Universidade da Coruña (UDC) acolleu as XXXIII Xornadas de Xerencia universitaria entre o 30 de setembro e o 2 de outubro de 2015, unha iniciativa da Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE) que cada ano permite compartir tanto ás universidades públicas como privadas os principais retos de xerencia do sistema universitario.

No acto de clausura interveu o presidente do Consello Social da UDC, D. Antonio Abril Abadín, que destacou o valor para as universidades dos seus xerentes, xa que "as organizacións humanas son o que as persoas que as compoñen fan delas e a súa excelencia depende de que á súa fronte estea quen reúna as adecuadas condicións de capacidade e mérito, e sexa capaz de transmitir as á organización".

O presidente do Consello Social sinalou que o reto ineludible da reforma da universidade é "responder aos grandes requirimentos do noso tempo. Xa non valen retoques parciais, hai que redimensionar as estruturas produtivas, darlles sustentabilidade financeira no tempo e dotalas dun sistema de goberno orientado á satisfacción das demandas sociais".

As políticas autonómicas de financiamento universitario e o novo decreto '3+2' foron dous dos focos de debate destas xornadas, ademais da análise dos últimos datos do informe 'A Universidad Española en Cifras'. Neste encontro abordouse tamén o novo programa marco da Unión Europea para o financiamento de I+D+i, así como os novos procedementos de compra pública innovadora. Ademais, desenvolvéronse, como en edicións anteriores, obradoiros para fortalecer as ferramentas de xestión e a visión estratéxica das universidades.

O acto de clausura contou coa presenza do director xeral de Política Universitaria do Ministerio de Educación, Ciencia e Deporte, D. Jorge Sainz González; o secretario xeral de Universidades da Consellería de



La UDC acolleu as XXXIII Xornadas de Xerencia.

Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, D. José Alberto Díez de Castro; a vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas da UDC, D^o. Amalia Blanco Louro; e o xerente da UDC, D. Juan Manuel Díaz Villoslada.

13/10/15 APROBADO O PLAN DE FINANCIAMENTO DO SUG

O Consello Galego de Universidades (CGU) aprobou o 13 de outubro de 2015 o Plan de Financiamento Universitario 2016-2020, que contará cunha dotación orzamentaria de 2.470 millóns de euros para as tres universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG). O 33,4% da repartición inicial realizarase en base a resultados, correspondendo o 66,6% dos fondos a financiamento estrutural das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.



08/10/15 XORNADA EN MADRID SOBRE A REFORMA DA UNIVERSIDADE ESPAÑOLA

A xornada 'Reformar a Universidade, transformar España', organizada polo xornal El Mundo no Colexio Oficial de Arquitectos de Madrid, reuniu o 8 de outubro a destacados representantes do mundo político, académico, empresarial e científico para debater sobre a educación superior en España.

Coa participación do presidente do Consello Social da Universidade da Coruña (UDC), D. Antonio Abril Abadín, a xornada abordou catro puntos básicos en relación á universidade española: a endogamia, o sistema de gobernanza, a igualdade de oportunidades e a necesidade dun pacto de Estado urxente para a súa reforma.

En dúas reportaxes publicadas os días 9 e 22 de outubro, El Mundo recolleu as principais conclusións deste foro. O xornal destacou as palabras de D. Antonio Abril Abadín en relación aos insuficientes recursos cos que conta a universidade española. "O investimento autonómico en Universidade caeu de media entre un 18 e un 24 por cento entre 2008 e 2014. Dicimos que apostamos polo talento, pero os datos cuestiónano", explicou o presidente do Consello Social da UDC.

Os principais partidos presentes nesta xornada coincidiron así mesmo nalgúns dos eixos fundamentais sobre os que debería xirar a vindeira reforma universitaria: premiar a boa docencia e investigación, implantar un sistema de goberno máis eficiente e promover a apertura dos campus á sociedade e a colaboración coas empresas.




D. Xulio Ferreiro Baamonde recibiu en María Pita a D. Antonio Abril Abadín.

07/10/15 O CONSELLO SOCIAL PRESENTA AS SÚAS LIÑAS DE ACTUACIÓN AO ALCALDE DA CORUÑA

O alcalde da Coruña, D. Xulio Ferreiro Baamonde, recibiu en María Pita ao presidente do Consello Social da Universidade da Coruña (UDC), D. Antonio Abril Abadín. Esta reunión, celebrada o 7 de outubro de 2015, enmarcouse na rolda de visitas do Consello Social aos principais axentes sociais da provincia, dentro da política de colaboración do organismo universitario coas institucións públicas e privadas do seu ámbito de actuación.

D. Antonio Abril Abadín presentou as principais liñas de actuación do Consello Social nas áreas de emprendemento, responsabilidade social, transferencia de coñecemento e formación en competencias profesionais. O rexedor coruñés, que exercía como profesor da facultade de Dereito da UDC ata o momento de asumir o seu cargo como alcalde, amosouse moi interesado polo servizo público que presta o Consello Social no ámbito da educación universitaria.



11/15 O PROXECTO CE10 PON EN MARCHA A SÚA NOVA PÁXINA WEB

O proxecto CE10, unha das iniciativas de responsabilidade social que contan co patrocinio do Consello Social da Universidade da Coruña (UDC), estreou a súa nova páxina web en novembro de 2015, realizada baixo uns criterios de accesibilidade WCAG 2.0, para facilitar a navegación de persoas con discapacidade.

Co impulso de investigadores do Grupo Dereito Público Global da UDC e de expertos de diferentes ámbitos científicos, CE10 actúa dende febreiro de 2014 como un observatorio de políticas públicas en materia de discapacidade, atención á diversidade e igualdade de oportunidades.

Este proxecto afronta o reto de impulsar no ámbito da educación superior o respecto dos dereitos das persoas con discapacidade recollidos na Convención das Nacións Unidas, ademais de analizar a normativa, os plans, os programas e as accións das universidades dende a perspectiva da atención á diversidade.

O obxectivo de CE10 é facer propostas de reforma, mellora e innovación no tratamento da discapacidade e impulsar accións de I+D+i en materia de diversidade, movido pola declaración que preside

a regulación dos dereitos e deberes fundamentais na Constitución de 1978, no seu artigo 10.1, que da nome ao proxecto CE10: "A dignidade da persoa, os dereitos inviolables que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da personalidade, o respecto á lei e os dereitos dos demais son fundamento da orde política e da paz social".

Entre os resultados da actividade investigadora de CE10 atópase a Carta dos Dereitos dos Estudiantes con Discapacidade na Universidade, unha comunicación presentada en novembro de 2014 co reto de acadar o seu recoñecemento nas leis de educación universitaria e nos estatutos das universidades. Mentres, pretende ofrecerse a modo de código de boas prácticas, que permite recoñecer ás institucións de educación superior que alcanzasen un compromiso real e efectivo na consecución dunha universidade presidida polo "deseño para todos".

CE10 forma parte da rede de traballo en materia de discapacidade do Consello Social da Universidade da Coruña, como Espazo Compartido.

Máis información en: <http://www.ce10udc.com>



Asamblea Xeral da CCS, do 12 de novembro de 2015.

12/11/15 ASEMBLEA XERAL DA CONFERENCIA DE CONSELLOS SOCIAIS

A Asemblea Xeral da Conferencia de Consellos Sociais de Universidades Españolas (CCS) aprobou o seu orzamento do exercicio 2016, na reunión celebrada o 12 de novembro de 2015 no paraninfo da Universidade Politécnica de Madrid.

No seu informe á Asemblea, o presidente da CCS, D. Manuel Pizarro Moreno, explicou que as prioridades de futuro do organismo que preside son “as cuestións relativas ao goberno corporativo, a empregabilidade, o mecenado e, sobre todo, a vixilancia da rendición de contas por parte das universidades”.

Tras a intervención de D. Manuel Pizarro Moreno, os presidentes das comisións expuxeron o traballo desenvolvido durante os meses anteriores e as súas iniciativas. D. Antonio Abril Abadín, presidente do Consello Social da Universidade da Coruña e presidente da Comisión Académica da CCS, recalcou que “o futuro da universidade española pasa por un cambio no sistema de gobernanza” e aludiu á preparación dun estudo conxunto de reformas estruturais en sistemas universitarios europeos, xunto á Cámara de Comercio de España e a Fundación Conocimiento y Desarrollo (CYD). A Asemblea Xeral referendou a sinatura do convenio con ambas as institucións para a posta en marcha do proxecto.

A sesión previa á Asemblea Xeral incluíu unha conferencia de D. Rolf Tarrach Siegel, presidente da Asociación Europea de Universidades, que asegurou que “a educación determina o futuro dun país”.

11/15 SEIS ANOS DE REDE AMIGA UDC



En 2015 cumpríronse seis anos dende a posta en marcha do proxecto Rede Amiga UDC, impulsado polo Consello Social da Universidade da Coruña e pola Fundación UDC (FUAC), que naceu como un lugar de encontro no que o alumnado, ex-alumnado e profesorado da UDC puidesen afondar nas súas relacións coas empresas do seu ámbito de actuación e coa sociedade.

Con máis de 11.300 seguidores en Internet e en redes sociais, Rede Amiga viu aumentada de forma considerable a súa comunidade no ano 2015. En Facebook conta cunha páxina con 2.500 seguidores e un grupo con 1.400 integrantes; en Twitter cun perfil con preto de 2.600 seguidores; e en LinkedIn cunha conta con máis de 900 contactos e dous grupos que suman máis de 3.900 integrantes.

Estes datos supoñen un crecemento global dun 36,1 por cento no número de seguidores que forman a comunidade que se agrupa arredor de Rede Amiga en redes sociais. O proxecto complementábase cun blog, que cumpre a función de informar sobre as iniciativas da Universidade da Coruña e do Consello Social, incentivar a interacción cos seguidores e escoitar á comunidade universitaria e á sociedade galega.



Representantes de empresas nacionais e internacionais de prestixio participaron en Laboralia 2015.

30/11/15 SEXTA EDICIÓN DO PROGRAMA LABORALIA

O programa Laboralia celebrou na Coruña a súa sexta edición, entre o 30 de novembro e o 1 de decembro de 2015. Esta iniciativa de orientación profesional, empregabilidade e fomento de emprendemento no ámbito universitario consolidouse co impulso do Consello Social da Universidade da Coruña (UDC), en colaboración coa Fundación UDC (FUAC).

D. Antonio Abril Abadín, presidente do Consello Social da UDC, participou na clausura dos Experience Days de Laboralia 2015, no auditorio da Sede Afundación. Durante a súa intervención, destacou o importante papel de iniciativas como Laboralia, un programa polo que pasaron nas súas seis edicións máis de 1.000 estudantes e titulados universitarios: “O Consello Social é o órgano que favorece o acceso á formación real e práctica, aspectos que non forman parte da formación regrada. Hai que adecuar as universidades ás necesidades reais do sector produtivo. A universidade debe ofrecer a formación que demanda a sociedade”.

O presidente do Consello Social aportou unha reflexión sobre a forma en que lle gustaría que sexa o futuro das universidades: “Gustaríame que sexan prácticas, con novas metodoloxías e cunha participación real da sociedade na formación”.

Laboralia 2015 contou coa participación de representantes de empresas nacionais e internacionais de

prestixio, como Hijos de Rivera, Inditex, R Cable ou Repsol, e de consultoras de Recursos Humanos, como Extend RRHH, Manpower ou Ray Human Capital. Os participantes de Laboralia 2015 tiveron a oportunidade de coñecer as competencias e os perfís profesionais máis demandados polas empresas, escoitar os mellores consellos para entrar no mercado de traballo, descubrir ferramentas e recursos para emprender os seus primeiros pasos laborais e interactuar con profesionais de prestixio.

A primeira xornada dividiuse en dúas sesións, “Define a túa meta e loita por conseguila” e “Buscar traballo é un traballo”, no que os asistentes participaron nunha simulación dunha entrevista de traballo, e os relatores destacaron a necesidade de ter presenza en Internet, saír da zona de confort e desenvolver unha marca persoal.

Na segunda xornada, presentáronse casos prácticos de “Innovación social e emprendemento”, como un modelo de negocio baseado na integración de persoas con discapacidade cognitiva. Na última sesión do programa, os participantes tiveron a oportunidade de coñecer “Experiencias en programas internacionais”, con consellos prácticos para os interesados en buscar o seu futuro laboral no estranxeiro.

Máis información en: www.laboraliaudc.com



Pleno do Consello Social, na súa reunión do 10 de novembro de 2015.

05/11/15

REUNIÓN DA COMISIÓN DE ASUNTOS ECONÓMICOS

A Comisión de Asuntos Económicos, Financeiros e Patrimoniais do Consello Social da Universidade da Coruña reuniuse o 5 de novembro de 2015, no exercicio das competencias de control e supervisión das actividades económicas da Universidade que ten atribuídas, para analizar a liquidación do orzamento e as contas da UDC correspondentes ao exercicio económico 2014, aprobadas polo Consello de Goberno na sesión celebrada o 27 de outubro de 2015.

Durante a reunión, a Universidade da Coruña proporcionou, ademais, información sobre o estado de tramitación orzamentaria do exercicio 2015 e sobre o Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2016-2020, aprobado previamente pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

10/11/15

PLENO ORDINARIO DO CONSELLO SOCIAL

O Pleno do Consello Social da UDC celebrou o 10 de novembro en Ferrol a súa segunda reunión ordinaria do ano 2015, na sede da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social. Neste Pleno adoptáronse os seguintes acordos:

Revisión do Plan Operativo Anual

O Pleno acordou a aprobación do Plan Operativo Anual do Consello Social da Universidade da Coruña.

Presentación da web institucional do Consello Social

No Pleno presentouse a nova páxina web institucional do Consello Social da UDC.

Informe sobre convenios aprobados polo Consello de Goberno

O Pleno aprobou o informe da UDC sobre os convenios aprobados no seu Consello de Goberno.

02/12/15

ARTIGO: CARA A UNHA NOVA UNIVERSIDADE

Nun artigo de opinión publicado o 2 de decembro de 2015 en La Voz de Galicia, D. Antonio Abril Abadín destacaba que as inminentes eleccións a reitor na Universidade da Coruña supoñían “unha boa oportunidade de debater e reflexionar sobre o modelo de universidade que queremos construír para o futuro”.

O presidente do Consello Social da UDC lembraba nese artigo que aínda segue pendente “a reforma para a mellora da universidade española”, coas seguintes claves para tratar de xerar un alto grao de consenso: un novo sistema de goberno “cun maior compromiso e implicación da sociedade”; unha maior autonomía operativa das universidades, acompañada de “mellores mecanismos de transparencia e rendición de contas”; e unha decidida vocación cara á relación universidade-empresa, “que é a única maneira de financiar a excelencia universitaria, ademais de contribuír a aprobar esa materia pendente da economía española que é a falta de transferencia e posta en valor polo sector produtivo do coñecemento e da investigación universitarios”.

D. Antonio Abril Abadín engadía que a formación do estudiantado debería estar centrada “nas competencias e habilidades profesionais que lles van pedir as empresas nas que traballarán a meirande parte deles” e aventuraba un futuro con moitos retos para a educación superior en España: “Avecíñanse tempos de cambio e esperanza para as universidades públicas”.

O presidente do Consello Social concluía o artigo de opinión cunha visión esperanzada sobre o futuro da Universidade da Coruña: “Estou firmemente convencido de que a sociedade do noso contorno, á que tanto debe a UDC, quere unha universidade e un reitor aliñados co futuro e, polo tanto, abertos e próximos á sociedade real na que queremos inserir aos nosos estudantes”.

17/12/15

REUNIÓN DA ACSUG EN SANTIAGO

A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), na súa reunión do 17 de decembro en Santiago de Compostela, abordou varios asuntos relacionados coa educación superior galega, como a valoración de convenios con outras institucións, a aprobación dos Estatutos da ACSUG ou a análise do proxecto de orzamentos para o exercicio 2016.



Obra premiada no Certame de Creación Gráfica.

12/15

CERTAME DE CREACIÓN GRÁFICA PARA NOVOS ARTISTAS

O Certame de Creación Gráfica para novos artistas, convocado anualmente polo Consello Social da Universidade da Coruña en colaboración coa Fundación CIEC (Centro Internacional de Estampa Contemporánea), pretende contribuír á proxección da actividade artística en Galicia. A obra seleccionada en 2015, que o Consello Social emprega como felicitación institucional de Nadal, forma parte dunha edición exclusiva realizada e estampada pola artista D^{ña}. María Arce (Burgos, 1988), que leva por título “Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física da Universidade da Coruña, Bastiagueiro, Oleiros”.

03/12/15

D. JULIO ABALDE ALONSO, NOVO REITOR DA UDC

D. Julio Abalde Alonso foi elixido como novo reitor da Universidade da Coruña, logo de obter un 63,98 por cento dos votos (un 55,12 por cento no voto ponderado) nas eleccións do 3 de decembro de 2015. O novo reitor superou no reconto a D. José Daniel Pena Agras e tomou desta forma o relevo de D. Xosé Luís Armesto Barbeito á fronte da UDC.

As eleccións realizáronse a través dunha plataforma de voto electrónico, por primeira vez no Sistema Universitario de Galicia (SUG), o que propiciou unha alta participación, que no caso dos estudantes (26,86 por cento) case triplicou a media universitaria española, que se sitúa no 10 por cento.

Unha vez coñecidos os resultados, D. Julio Abalde Alonso destacou o comezo dun “novo tempo” e fixo fincapé nas futuras prioridades da súa xestión como reitor: “Apostamos pola defensa da ensinanza pública de calidade e en galego; a atención ao estudantado, de forma preferente a aqueles que teñan problemas económicos para acceder e permanecer na universidade; o desenvolvemento da carreira profesional do profesorado e do persoal de administración e servizos; a



D. Julio Abalde Alonso, novo reitor da Universidade da Coruña.

mellora da docencia e a investigación; e a estimulación da colaboración coa sociedade galega e co seu tecido empresarial”.

O Consello Social convidou ao reitor electo ao seu Pleno ordinario do 16 de decembro de 2015. D. Julio Abalde Alonso estivo presente na reunión celebrada no Centro Universitario de Riazor e tivo ocasión de dialogar con D. Antonio Abril Abadín, ademais de recibir a felicitación do presidente e os representantes do Consello Social da UDC.



D.ª Pilar Rojo Noguera recibiu no Parlamento de Galicia aos representantes do Consello Social da UDC.

12/12/15

VISITA AO PARLAMENTO DE GALICIA

Representantes do Consello Social da Universidade da Coruña estiveron o pasado 12 de decembro de 2015 no Parlamento de Galicia, onde efectuaron unha visita guiada e foron recibidos pola presidenta da Cámara, D.ª Pilar Rojo Noguera. A visita estivo encabezada por D. Antonio Abril Abadín, presidente do Consello Social da UDC.

10/12/15

REUNIÓN DA COMISIÓN DE ASUNTOS ECONÓMICOS

A Comisión de Asuntos Económicos, Financeiros e Patrimoniais do Consello Social da Universidade da Coruña reuniuse o 10 de decembro de 2015, para analizar a liquidación do orzamento e as contas correspondentes ao exercicio económico 2014, así como o informe da Universidade sobre a prórroga dos orzamentos da UDC correspondentes ao exer-

cicio 2015. Durante a reunión, a UDC proporcionou ademais información sobre a modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) do Persoal de Administración e Servizos da UDC e sobre a solicitude de creación da empresa de base tecnolóxica Terravanza, Gabinete de Estudos Territoriales Avanzados, S.L.

16/12/15

PLENO ORDINARIO DO CONSELLO SOCIAL

O Pleno reuniuse o 16 de decembro de 2015 no Salón de Plenos do Consello Social do Centro Universitario de Riazor, cos seguintes acordos:

Informe da Comisión de Asuntos Económicos

O Pleno aprobou o informe do 10 de decembro da Comisión de Asuntos Económicos, Financeiros e Patrimoniais do Consello Social, emitido con motivo do trámite de aprobación da liquidación orzamentaria e das contas anuais correspondentes ao exercicio 2014.

Relación de Postos de Traballo do PAS funcionario

O Pleno acordou informar favorablemente á proposta de modificación da Relación de Postos de Traballo



Pleno do Consello Social, na súa reunión do 16 de decembro de 2015.

(RPT) do Persoal de Administración e Servizos (PAS) funcionario da UDC.


Modificación de tarifas dos SAI

O Pleno acordou a aprobación da modificación das tarifas dos Servizos de Apoio á Investigación (SAI).

Participación na sociedade Terravanza, Gabinete de Estudos Territoriales Avanzados, S.L.

O Pleno aprobou a toma de participación da UDC na sociedade Terravanza, Gabinete de Estudos Territoriales Avanzados, S.L. Esta iniciativa está baseada na monitorización das infraestruturas municipais baixo o criterio do detalle e a actualización constante a través de sensores

estáticos e dinámicos, coa integración dos seus resultados en distintas bases de datos. O seu obxectivo é obter unha visión completa e en tempo real desas infraestruturas para facilitar a xestión, mantemento e toma de decisións na esfera local.



3.2 ORZAMENTO DA UDC

O Pleno do Consello Social da UDC aprobou na súa sesión ordinaria do pasado 21 de abril do 2016 o orzamento da UDC para o exercicio 2016, pechando así a prórroga do orzamento do 2015 comunicada polo equipo de goberno presidido por D. Xosé Luís Armesto Barbeito ao Pleno do Consello Social na sesión do 16 de decembro de 2015.

No primeiro ano de vixencia do Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia para o período 2016-2020, o orzamento da UDC no exercicio 2016 alcanza os 116,32 millóns de euros, o que supón unha subida en termos nominais de case 0,13 millóns de euros, é dicir, un incremento dun 0,11 por cento. En termos reais, prodúcese unha baixada dun 1,51 por cento, debido ao ingreso dos fondos estruturais coa parte proporcional aos días devindicados da paga extra do 2012, pola entrada en vigor do Real decreto-lei 20/2012.

No terreo dos ingresos, a principal fonte de financiamento da UDC son as transferencias correntes da Xunta de Galicia, que supoñen un 73,29 por cento do total dos ingresos. O resto do capítulo IV corresponde a outras entidades, como Inditex e o Banco Santander. A variación con respecto ao exercicio 2015 supón un incremento dun 3,06 por cento, aínda que o aumento real se reduce notablemente, xa que nesa cifra se inclúe a paga extra do ano 2012.

O capítulo de taxas, prezos públicos e outros ingresos, crece un 3,17 por cento no exercicio 2016, mentres que o capítulo de transferencias de capital ve reducida a súa achega nun 6,36 por cento. Trátase das dúas principais fontes de financiamento da UDC despois das transferencias correntes.

No terreo dos gastos, a parte máis importante correspóndese cos gastos de persoal adscritos ao Capítulo I, un 75,98 por cento do total, cun incremento dun 3,5 por cento. Os gastos correntes en bens e servizos, e os investimentos reais son os outros dous capítulos cun maior peso no orzamento de gastos.


No actual escenario, a UDC tratará de incrementar o autofinanciamento, pola vía dos custos indirectos, o patrocinio, as subvencións e o mecenado.

| INGRESOS | 2015 | % | 14/15 | 2016 | % | 15/16 |
|---|-----------------------|---------------|-------------|-----------------------|---------------|--------------|
| Capítulo III: Taxas, prezos públicos e outros ingresos | 14.872.900,00 | 12,8% | -0,5% | 15.344.830,48 | 13,19% | 3,17% |
| Capítulo IV: Transferencias correntes | 82.727.537,45 | 71,2% | 0,5% | 85.256.622,57 | 73,48% | 3,06% |
| Capítulo V: Ingresos patrimoniais | 420.000,00 | 0,4% | -8,7% | 335.000,00 | 0,29% | -20,24% |
| Capítulo VII: Transferencias de capital | 15.900.847,60 | 13,7% | 12,2% | 14.888.806,49 | 12,61% | -6,36% |
| Capítulo VIII: Activos financeiros | 2.270.800,97 | 2,0% | -23,1% | 495.038,00 | 0,43% | -78,20% |
| Capítulo IX: Pasivos financeiros | 0,00 | 0,0% | 0% | 0,00 | 0,0% | 0% |
| TOTAL | 116.192.086,02 | 100,0% | 1,1% | 116.320.297,54 | 100,0% | 0,11% |

| GASTOS | 2015 | % | 14/15 | 2016 | % | 15/16 |
|---|-----------------------|---------------|-------------|-----------------------|---------------|--------------|
| Capítulo I: Gastos de persoal | 85.391.720,67 | 73,5% | 1,8% | 88.383.430,83 | 73,98% | 3,50% |
| Capítulo II: Gastos correntes en bens e servizos | 14.969.574,50 | 12,9% | -4,7% | 15.263.549,50 | 13,12% | 1,93% |
| Capítulo III: Gastos financeiros | 58.500,00 | 0,2% | 0,0% | 58.500,00 | 0,05% | 0,00% |
| Capítulo IV: Transferencias correntes | 2.928.924,50 | 2,5% | -9,8% | 2.459.114,76 | 2,11% | -16,04% |
| Capítulo V: Fondo de continxencia | 250.000,00 | 0,2% | 0,0% | 250.000,00 | 0,21% | 0,00% |
| Capítulo VI: Inversións reais | 11.843.366,35 | 10,2% | 7,4% | 9.155.702,45 | 7,87% | -22,66% |
| Capítulo VIII: Activos financeiros | 50.000,00 | 0,0% | 328,4% | 50.000,00 | 0,04% | 0,00% |
| Capítulo IX: Pasivos financeiros | 700.000,00 | 0,6% | -6,7% | 700.000,00 | 0,60% | 0,00% |
| TOTAL | 116.192.086,02 | 100,0% | 1,1% | 116.320.297,54 | 100,0% | 0,11% |

Datos en euros

3.3 LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DA UDC



Adicionalmente no hemos dispuesto de información relativa al inmovilizado adquirido por la Universidad por un valor neto contable de 11.348 miles de euros (3.015 miles de euros al 31 de diciembre de 2013). En consecuencia, no nos es posible pronunciarnos sobre la adecuación de la valoración del Inmovilizado Material antes descrito y su posible efecto en el epígrafe de Patrimonio Neto al 31 de diciembre de 2014 y 2013, ni de los importes de 2.516 miles de euros y 1.112 miles de euros que se muestran respectivamente en las partidas "Amortización del Inmovilizado" y "Transferencias y subvenciones recibidas, imputación de subvenciones para el inmovilizado no financiero" (3.321 y 1.050 miles de euros, respectivamente, en 2013) de la cuenta del resultado económico-patrimonial. Nuestro informe de auditoría del ejercicio 2013 contenía una salvedad al respecto.

5. El epígrafe de Inmovilizado Material del balance al 31 de diciembre de 2014 adjunto recoge fondos bibliográficos por un valor neto contable de 3.780 miles de euros (4.189 miles de euros al 31 de diciembre de 2013). Durante el curso de nuestro trabajo no hemos dispuesto de inventarios valorados de los fondos bibliográficos adquiridos con anterioridad al 1 de enero de 2010 que aparecen recogidos en el balance adjunto por un valor neto contable de 1.142 miles de euros al 31 de diciembre de 2014 (1.710 miles de euros al 31 de diciembre de 2013). En consecuencia, no nos es posible pronunciarnos sobre la adecuación de la valoración del Inmovilizado Material antes descrito y su posible efecto en el epígrafe de Patrimonio Neto al 31 de diciembre de 2014 y 2013, ni de los importes de 568 miles de euros y 687 miles de euros contabilizados en los ejercicios 2014 y 2013 en el epígrafe de "Amortización del Inmovilizado" de la cuenta del resultado económico-patrimonial. Nuestro informe de auditoría del ejercicio 2013 contenía una salvedad al respecto.

6. La Universidad ha considerado como remanente de tesorería afectado al 31 de diciembre de 2014 un importe de 18.820 miles de euros (18.306 miles de euros al 31 de diciembre de 2013), no habiéndonos sido facilitado el detalle de las desviaciones de financiación acumuladas a las citadas fechas. En estas circunstancias no nos es posible pronunciarnos sobre la razonabilidad de las desviaciones de financiación imputables a los ejercicios 2014 y 2013, ni sobre la razonabilidad de la parte afectada y no afectada del remanente de tesorería al 31 de diciembre de 2014 y 2013. Nuestro informe de auditoría del ejercicio 2013 contenía una salvedad al respecto.

